



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A EMPRESA ISIDRO
DE LA CAL-FRESCO, S. L.**

En Santiago de Compostela, 11/01/2017

REUNIDAS:

Dunha parte, D^a Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, nomeada polo Decreto 242/2009, de 23 de abril (DOG n^o 79 de 24 de abril de 2009), en nome e representación da Xunta de Galicia, competente para sinatura do presente Convenio, en virtude do disposto no artigo 2 da Orde de 30 de marzo de 2012 de delegación de competencias (DOG n^o 70 de 12 de abril de 2012) e a Disposición Adicional sexta do Decreto 129/2015, de 8 de outubro (DOG n^o 194 de 9 de outubro de 2015).

e doutra, D., con DNI/NIF n^o: en calidade de apoderado da sociedade mercantil “Isidro de la Cal-Fresco, S.L.”, sociedade domiciliada en CIF:, representación que ostenta conforme consta acreditado en escritura outorgada ante Notario de A Coruña, D., el día de agosto de, baixo el número 1402 de su protocolo,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón o artigo 4.1d) do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados na dita Lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, dispón que, segundo o artigo 9, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exerce o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña.

O artigo 2 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, indica que un dos seus fins é a de fomentar a formación e a capacitación profesional do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Neste mesmo sentido o artigo 117 di que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para a promoción de todo tipo de actividades formativas mediante



a colaboración, a cooperación e a coordinación entre organismos e entidades competentes en materia de pesca, educación e seguranza no traballo.

O intercambio de peixes pode realizarse coa empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L., por ser a única empresa galega dedicada a produción industrial e posterior comercialización de ollomol de cultivo, circunstancia que motiva a utilizar a figura do convenio de colaboración, en detrimento da posibilidade de promover concorrencia da oferta e posterior formalización dun contrato administrativo.

TERCEIRO

Un dos centros de formación dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro é o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFa) da Illa de Arousa, onde se imparte formación regrada dos ciclos de formación profesional específica de acuicultura e mergullo profesional. Así mesmo, no centro realízanse accións de investigación no eido da acuicultura e impártense formación non regrada de mergullo profesional.

O IGAFa forma técnicos moi cualificados, grazas a ofrecer unha ensinanza especializada tanto teórica como práctica. Esta formación é posible pola cualificación dos seus formadores e pola posibilidade de contar cunhas instalacións e equipamentos inmillorables tanto para as ensinanzas de acuicultura como de mergullo profesional. É o único centro de Galicia e dos poucos de España que proporciona esta formación, recoñecida explicitamente coa proposta do seu nomeamento como Centro de Referencia Nacional en Acuicultura e Mergullo.

CUARTO

As ensinanzas impartidas no IGAFa requiren unhas elevadas necesidades orzamentarias, xa que se ten que manter unha planta de cultivos, unha batea e unha gaiola de peixes para a formación en acuicultura e complexos equipamentos para a formación en mergullo profesional, todo o que conleva elevados custos en consumo enerxético, alimentación e mantemento dos equipamentos.

A Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio, recolle no punto 3 do artigo 122 que “Os centros docentes públicos poderán obter recursos complementarios, previa aprobación do consello escolar, nos termos que establezan as administracións educativas, dentro dos límites que a normativa vixente establece. Estes recursos non poderán provir das actividades levadas a cabo polas asociacións de pais e de alumnos en cumprimento dos seus fins e deberán ser aplicados aos seus gastos, de acordo có que as administracións educativas establezan”.

Debido ás necesidades orzamentarias do centro, e acolléndose a esta posibilidade que a Lei contempla, o IGAFa aprobou en consello escolar do 20 de decembro de 2011 aproveitar a produción de ollomol da súa gaiola de peixes de uso didáctico. Así o centro cedería ollomol a empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. a cambio de que esta costease o consumo de penso equivalente ao valor económico do peixe cedido.

QUINTO:



O intercambio de peixe faise con Isidro de la Cal-Fresco S.L. por ser a única empresa galega dedicada á produción industrial e comercialización de ollomol de cultivo, circunstancia que evita calquera suspicacia sobre trato preferencial a unha empresa sobre outras. Existen outras empresas autorizadas para producir esta especie, mais non o están a facer, así como unha instalación flotante da Cooperativa Illa do Santo de Bueu que mantén ollomol en cultivo, pero só con fins experimentais en colaboración co Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) e o Instituto Español de Oceanografía (IEO) de Vigo.

Acollerse a esta posibilidade permite ao centro aliviar a súa situación económica e axudar a garantir o nivel de servizos que ven proporcionando, servíndose dunha produción (ollomol) realizada con fins didácticos.

Cómpre sinalar que os peixes non se poden vender xa que o O IGAFa non é una empresa e non está dado de alta como establecemento de venda. O único destino alternativo para a produción, unha vez cumprido o obxectivo formativo, sería o seu transporte e destrución por un xestor autorizado, o que supón para o IGAFa uns gastos mínimos de 1.000 euros cada vez que se realiza esta acción.

SEXTO:

Os ollomoles saen do IGAFa en contedores isotérmicos con xeo, acompañados dunha copia do convenio e un albarán numerado e cos datos seguintes: nome e N.I.F. do expedidor (IGAFa), nome e N.I.F. do transportista, data, nome do cliente ou destino (Isidro de la Cal Fresco, S.L.), nome común e científico da especie, método de produción (acuicultura), datos do que se envía (número de quilogramos e de pezas, gaiola de orixe, lote de produción e lote de venda) e sinaturas e D.N.I do chofer transportista, persoa do IGAFa que entrega a mercancía e persoa en destino que recepcióna a mercancía.

O intercambio entre o IGAFa e a empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. será realizado con todas as garantías de transparencia e legalidade.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ámbalas dúas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo as seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a empresa Isidro de la Cal-Fresco, S.L., para establecer acordos puntuais no intercambio de peixes (exclusivamente ollomol) do IGAFa por penso que costeará a empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. As accións específicas que se van a desenvolver derivadas deste obxecto son as seguintes:

- Extracción de ollomoles producidos na gaiola didáctica do centro e posterior transporte en contedores isotérmicos con xeo ata o peirao da Illa de Arousa, mediante a embarcación empregada nas actividades de mergullo. Esta operación será realizada por persoal do IGAFa e polos alumnos do centro como actividade dentro da súa



formación. Posteriormente, os peixes serán recollidos neste peirao e transportados por terra por persoal da empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L.

- A empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. subministrará penso ao IGAFa ata compensar o equivalente do valor económico do peixe cedido.

SEGUNDA.- CONDICIÓN S ECONÓMICAS.

Este convenio non supón ningún custo para a Consellería do Mar, xa que as labores de extracción dos peixes e o seu traslado ao peirao da Illa serán realizadas polo IGAFa, cos seus propios medios.

A empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. costeará o consumo de penso, establecendo ámbalas dúas partes (IGAFa-empresa) o valor económico do peixe cedido.

Por cada intercambio baseado neste convenio redactarase e subscribirase un documento de recepción recíproco das prestacións da cada parte, segundo se establece na seguinte cláusula. Estimativamente, levaranse a cabo dúas ou tres transaccións anuais.

TERCEIRA.- OBRIGAS

Quedará constancia escrita de cada acordo e intercambio, asinada polo director do IGAFa e polo responsable da empresa, e neste documento reflectiranse os quilogramos de peixe cedidos, o seu valor estimado e o compromiso de que a empresa asume o custo do penso destinado ao IGAFa, por un valor equivalente ao do peixe aportado. O penso será subministrado pola empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. dentro dos catro meses seguintes ao intercambio, ata chegar ao valor económico do peixe cedido.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. estará obrigada a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio cos seus propios medios materiais e persoais, non esixindo ningún tipo de relación de carácter laboral deste persoal coa Consellería do Mar e sendo responsable única a empresa Isidro de la Cal-Fresco S.L. das obrigas sociais e laborais que puideran derivar da execución deste convenio.

QUINTA.- SEGUIMENTO.

Para os efectos de velar polo cumprimento do estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta por dúas persoas da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro en representación da Consellería do Mar (xefe/a de servizo de Ensino e Titulacións Náutico Pesqueiras e o xefe/a de sección de Programación de Ensino Náutico Pesqueiras), e por outras dúas persoas da empresa Isidro de la Cal (Director do Departamento de Acuicultura, Sr. D. e persoa por



determinar con coñecementos técnicos suficientes en acuicultura de Isidro de la Cal-Fresco, S.L.”)

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, previo acordo das partes recaído antes da data de remate, poderase prorrogar o mesmo.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN.

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

Este convenio poderase denunciar por calquera das partes con 3 meses de antelación ao seu remate.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1d) do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba da conformidade e para a debida constancia do pactado asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en todas as follas, no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Pola sociedade mercantil Isidro de la Cal- Fresco

A Directora Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro

Apoderado

Susana Rodríguez Carballo